

## **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA TRAMITACIÓN E CONCESIÓN, POLO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, MEDIANTE CONVOCATORIA PÚBLICA A TRAVÉS DO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS A PERSOAS DEPORTISTAS CUALIFICADAS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS DURANTE O ANO 2025**

### **Artigo 1. Normativa aplicable**

1. De conformidade coa competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e en aplicación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como as normas de carácter regulamentario que as desenvolvan, convócanse axudas a deportistas individuais do Concello de San Cibrao das Viñas durante o ano 2025

2. Asemade co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno, resúltalle de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

3. Estas Bases reguladoras publicaranse integramente no Boletín Provincial de Ourense e estarán a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello de San Cibrao das Viñas sita no enderezo <https://sancibrao.sedelectronica.es/> e na Base Nacional de Subvencións: <https://www.infosubvenciones.es>, así como no Rexistro Xeral do Concello de San Cibrao das Viñas no enderezo Praza da Constitución s/n. 32911. San Cibrao das Viñas.

### **Artigo 2. Obxecto**

1. O obxecto destas Bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte do Concello de San Cibrao das Viñas, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva -de conformidade co previsto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións polo Concello de San Cibrao das Viñas publicada no Bop de Ourense número 299 do 30.12.2004- de axudas a deportistas individuais durante a o ano 2025, coa finalidade de fomentar a práctica deportiva e incentivar aos deportistas cualificados mediante o recoñecemento da súa traxectoria e rendemento deportivo, así como a súa convocatoria.

2. Non se considerarán participacións individuais: relevos, participación por equipos/seleccións, nin probas coordinadas ou sincronizadas nas que actúen simultaneamente máis dunha persoa integrante do mesmo equipo.

3. Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores, así como a realización de calquera tipo de proba co obxecto de superar os distintos niveis dentro da disciplina deportiva.

### **Artigo 3. Persoas beneficiarias**

1. Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións obxecto destas Bases as persoas físicas que sexan persoas deportistas federadas, de categorías de base ata absoluta, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os seguintes requisitos:

1. As axudas poderán destinarse a persoas deportistas sen límite de idade.



2. Estar empadroado/a no Concello de San Cibrao das Viñas cunha antigüidade de polo menos 1 ano, computado de forma consecutiva, á data de presentación da solicitude.
3. Estar en posesión dunha licenza federativa vixente expedida pola Federación Deportiva Galega na modalidade para a que se solicita axuda. No caso de modalidades deportivas non integradas en federacións deportivas galegas, será considerada a licenza estatal.
4. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
5. Non estar incurso/a en causa de exclusión ou prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria de subvencións, de acordo co artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
6. Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), con este Concello e coa Seguridade Social.
7. Certificado do mellor resultado obtido emitido pola Secretaría Xeral da correspondente Federación, xunto coa Acta da competición, referido ao período subvencionable, sempre que acredite a consecución polo menos e como mínimo dun (1) dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva durante a tempada 2024/2025:
  - Podio (1º, 2º ou 3º) na Copa Diputación individual (da provincia de Ourense)
  - Podio (1º, 2º ou 3º) no campionato individual provincial (da provincia de Ourense)
  - Lograr o 1º ao 10º posto individual no campionato galego (ambos os dous incluídos)
  - Lograr do 1º ao 15º posto individual no campionato de España.
  - Campión/a universitario/a individual galego/a.
  - Lograr do 1º ao 3º posto individual no campionato universitario estatal.
  - Nas probas de motor, ter participado a lo menos en tres probas oficiais durante a tempada en Copas ou Ctos. Galegos.

#### **Artigo 4. Financiamento, crédito orzamentario e contía das axudas**

1. O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 341/480 dos orzamentos do Concello de San Cibrao das Viñas para o ano 2026
2. A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 3.000 euros.

O crédito orzamentario é o límite do importe das axudas que se poden conceder.

3. A contía establecida poderá ser incrementada por Resolución do órgano competente previa tramitación do expediente de modificación de crédito. De conformidade co recollido no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións no suposto de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de axudas sen necesidade dunha nova convocatoria.

4. As axudas terán unha contía de 200 euros por persoa solicitante.

### **Artigo 5. Convocatoria**

1. Para os efectos desta convocatoria, a anualidade enténdese comprendida entre o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025

2. A convocatoria anual poderá tramitarse mediante expediente anticipado de gasto con base na normativa orzamentaria.

No suposto anterior, a concesión das axudas quedará sometida, en todo caso, á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento municipal do exercicio 2026 no momento de acordar as respectivas resolucións de concesión.

Un extracto da convocatoria será publicado no Boletín Provincial de Ourense a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b e 20.8 a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### **Artigo 6. Procedemento**

1. O procedemento de concesión das axudas para persoas deportistas individuais obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva de acordo co procedemento abreviado regulado no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O procedemento de concesión iniciarase coa presentación da solicitude de axuda.

2. De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tendo en conta o carácter de recoñecemento que presentan as axudas, exceptúase expresamente o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos nestas Bases, pola súa finalidade de axuda a persoas deportistas que compren os requisitos recollidos nestas, polo que non se fai necesario realizar unha comparación e prelación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios de valoración fixados de forma previa nas Bases. As mesma concederanse ata esgotar o crédito orzamentario previsto, sen prexuízo do incremento orzamentario que o órgano competente poida acordar de acordo co previsto no artigo 4.3 destas Bases.

2. Cada persoa deportista poderá presentar unha única solicitude de axuda polo que só poderá solicitarse e concederse unha única axuda por persoa.

### **Artigo 7. Órgano competente**

A Alcaldía acordará todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución e que serán instruídas pola traballadora municipal técnica responsable dos expedientes de subvencións.

Todas as comunicacións derivadas das actuacións de instrución realizaranse a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello sito no enderezo <https://sancibrao.sedelectronica.es/>.

Estas comunicacións serán, no seu caso, adicionais da notificación individual no caso de requirimento de documentación para a súa emenda así como da resolución de concesión da axuda. Nestes casos os prazos comezarán a computar desde a recepción da notificación.

## Artigo 8. Solicitudes e documentación

1. As solicitudes presentaranse, no prazo de **3 meses** a contar desde o día seguinte ao de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Rexistro Xeral do Concello de San Cibrao das Viñas, en impreso normalizado (anexo I) que se poderá obter nas dependencias administrativas en horario de 8.30 horas a 14.00 horas así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de San Cibrao das Viñas sito no enderezo <https://sancibrao.sedelectronica.es/>

As solicitudes poderanse presentar de forma telemática por medio do Rexistro Electrónico a través do procedemento "Instancia Xeral" da sede electrónica do Concello de San Cibrao das Viñas sito no enderezo <https://sancibrao.sedelectronica.es/> ou en calquera dos medios regulados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas.

2. As persoas interesadas deberán acompañar xunto coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

- a. Copia do documento nacional de identidade ou do pasaporte, en caso de persoas cidadás de países da Unión Europea, ou da tarxeta de residente en vigor, en caso doutras nacionalidades.
- b. No caso de menores de idade, ademais da copia do seu documento nacional de identidade, xuntarase o do pai ou da nai ou do titor/a, así como copia do libro de familia ou documento equivalente.
- c. Copia da licenza deportiva en vigor.
- d. Certificado da Federación no que acredite que a persoa solicitante non está cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- e. Certificado do mellor resultado obtido emitido pola secretaría xeral da Federación correspondente, xunto coa acta de competición, referido ao período subvencionable, acreditando a consecución polo menos e como mínimo dun (1) dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva durante a tempada 2024/2025:
  - a. Podio (1º, 2º ou 3º) na Copa Diputación individual (da provincia de Ourense)
  - b. Podio (1º, 2º ou 3º) no campionato individual provincial (da provincia de Ourense)
  - c. Lograr o 1º ao 10º posto individual no campionato galego (ambos os dous incluídos)
  - d. Lograr do 1º ao 15º posto individual no campionato de España.
  - e. Campión/a universitario/a individual galego/a.
  - f. Lograr do 1º ao 3º posto individual no campionato universitario estatal.
  - g. Nas probas de motor, ter participado a lo menos en tres probas oficiais durante a tempada en Copas ou Ctos. Galegos.
- f. Declaración responsable da persoa solicitante ou da persoa representante legal de non estar incurso/a en algunha das causas de exclusión ou prohibición das contempladas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (anexo I)
- g. Declaración responsable da persoa solicitante ou da persoa representante legal sobre a obtención doutras subvencións ou axudas.

- h. Certificado ou documento que verifique os datos bancarios da persoa beneficiaria da subvención (orixinal expedido pola entidade bancaria)
- i. Certificados acreditativos de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), con este Concello e coa Seguridade Social.

Os documentos normalizados sinalados como anexos nesta convocatoria son de cobertura obrigada e poderán ser ampliados polas persoas solicitantes aportando a documentación que consideren oportuna para a mellora das súas solicitudes.

A presentación da solicitude implica a autorización ao Concello de San Cibrao das Viñas para tratar a información persoal e deportiva nas diferentes fases de tramitación.

### **Artigo 9. Tramitación**

1. As solicitudes remitiranse á Alcaldía do Concello de San Cibrao das Viñas. Esta trasladará a traballadora municipal técnica responsable dos expedientes de Subvencións, como instrutora, que examinará e revisará a documentación acompañante que se especifica no artigo 8 destas Bases.

2. Unha vez examinadas as solicitudes e no caso de que fosen detectados erros ou omisións, o órgano instrutor, requirirá á persoa solicitante para que, no prazo de **dez (10) días hábiles** contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, considerarase que desiste da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderase requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

4. Unha vez transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e unha vez instruído o expediente pola traballadora municipal técnica responsable dos expedientes de Subvencións, este pasará á Alcaldía, xunto co informe emitido por dito servizo no que se conste que da información que obra no seu poder despréndese que as persoas beneficiarias compren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, que procederá a formular proposta definitiva de resolución ata esgotar o crédito consignado para o efecto, que deberá ser comprensiva dos seguintes extremos:

- a. Respecto das persoas solicitantes que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, proporase a súa non admisión a trámite das solicitudes.
- b. Respecto das persoas solicitantes admitidas proporase a súa admisión a trámite e indicarse a relación das persoas solicitantes ás que se lles concede a axuda, xunto coa contía concedida.

Dita proposta definitiva de Resolución elevarase á Xunta de Goberno Local para a súa Resolución, previa fiscalización pola Intervención municipal. Dita Resolución da concesión das axudas publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de San Cibrao das Viñas sita no enderezo <https://sancibrao.sedelectronica.es/>, publicación que será adicional a notificación da mesma a cada unha das persoas solicitantes ás que se lle concedeu a axuda.

A proposta de resolución definitiva non xera dereito ningún a favor da persoa deportista beneficiaria proposta fronte a Administración, en tanto non se lle notifique a resolución definitiva da concesión.

### **Artigo 10. Prazo de Resolución**

O prazo máximo para a Resolución e notificación/publicación da concesión das axudas é de **6 meses** contados a partires da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

O período empregado para a emenda das deficiencias e aportación de documentos interromperá dito prazo, ao abeiro do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O vencemento do dito prazo máximo sen notificar/publicar a Resolución, lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da axuda.

A concesión da axuda non xera dereito ningún á percepción da mesma en futuras convocatorias.

### **Artigo 11. Recursos procedentes contra a Resolución do procedemento**

Contra a resolución que pon fin ao procedemento administrativo, poderase interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

### **Artigo 12. Obrigas das persoas beneficiarias**

As persoas beneficiarias destas axudas estarán obrigadas a:

- a. Manterse de alta na federación correspondente durante o ano natural a que se refira a convocatoria pola que se lle concedeu a axuda.
- b. Comunicar ao Concello de San Cibrao das Viñas a obtención de calquera axuda ou subvención de calquera administración ou entidade pública, con indicación expresa da súa contía.
- c. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto da axuda, de acordo cos artigos 1.1 e 18.4 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- d. Someterse ás correspondentes actuacións de comprobación por parte do Concello de San Cibrao das Viñas, que poderá realizar o seguimento e o control da súa actividade deportiva e a aplicación e destino dos fondos, en todo caso, ao control da actividade económica financeira que corresponde.
- e. Cumprir con todas as normas establecidas nestas Bases reguladoras.
- f. Reintegrar os fondos percibidos nos supostos en que proceda.

Para a realización de ditas actuacións deberá facilitar tanta información lle sexa requirida polo Concello.

A percepción destas axudas atópase suxeita á Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, sen que se atope en suposto de exención.

### **Artigo 13. Modificación ou revogación das axudas**

1. Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións e axudas concedidas por calquera entidade pública, nacional ou internacional, poderá dar lugar a modificación da axuda outorgada, por iso, calquera alteración dos datos ou condicións facilitados polas persoas interesadas para a tramitación das axudas, deberá ser comunicada ao Concello de San Cibrao das Viñas por se puidese dar lugar á modificación da axuda concedida. A efectos de estimar a gradación dos incumprimentos utilizaranse as desviacións detectadas nos parámetros de valoración.

2. Serán causa de revogación da axuda concedida, procedéndose ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora:

- a. Os supostos contemplados no artigo 37 da lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- b. A emisión de certificación desfavorable por parte da Federación a que pertence a persoa beneficiaria, en relación coas circunstancias contempladas nestas Bases.
- c. A obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas.
- d. Incumprimento da finalidade para a que a axuda foi concedida.
- e. Incumprimento das obrigas e condicións impostas as persoas beneficiarias con motivo da concesión da axuda.
- f. A negativa ou obstrución ao control que se establece nas presentes Bases reguladoras.

### **Artigo 14. Compatibilidade con outras axudas e subvencións.**

As axudas reguladas nas presentes bases son compatibles con calquera outra que poda recibir a persoa beneficiaria de calquera entidade pública, por calquera concepto.

### **Artigo 15. Infraccións**

Considéranse infraccións administrativas as que sexan de aplicación dos títulos IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Disposición Adicional Primeira. Habilitación**

Facultase a Alcaldesa do Concello de San Cibrao das Viñas para ditar as resolucións que sexan necesarias para a execución do disposto nas presentes Bases.

### **Disposición adicional Segunda. Supletoriedade**

En todo o non previsto nestas bases aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en todo aquilo que constituía lexislación básica conforme a súa disposición final primeira, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia así

como a normativa de desenvolvemento das mesmas.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

### **Disposición final primeira. Entrada en vigor**

Estas Bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

### **Disposición final segunda. Información ás persoas interesadas**

Sobre o procedemento administrativo correspondente a estas convocatorias, poderase obter a documentación normalizada ou información adicional na sede electrónica do Concello de San Cibrao das Viñas sita no enderezo <https://sancibrao.sedelectronica.es/> así como de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello sito no Praza da Constitución s/n. 32911. San Cibrao das Viñas ou no teléfono 988381034, en horario de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas ou por medio do correo electrónico [info@sancibrao.es](mailto:info@sancibrao.es)

### **Disposición final terceira. Protección de datos de carácter persoal**

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e de Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de axudas, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é o xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello de San Cibrao das Viñas.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello de San Cibrao das Viñas (Praza da Constitución s/n. 32911. San Cibrao das Viñas) nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

### **Disposición final cuarta. Publicidade das axudas no portal de Transparencia do Concello**

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información Pública e Bo Goberno, as axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e persoas beneficiarias serán obxecto de publicación no portal de transparencia do Concello de San Cibrao das Viñas sito no enderezo <https://sancibrao.sedelectronica.es/>.

**ANEXO I**  
**SOLICITUDE AXUDAS PERSOAS DEPORTISTAS INDIVIDUAIS**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
<b>NIF/NIE</b>			
<b>NOME</b>		<b>APELIDOS</b>	
<b>DOMICILIO</b>			
<b>PROVINCIA</b>		<b>CP</b>	
<b>POBOACIÓN</b>			
<b>TELÉFONO</b>		<b>TELÉFONO MÓBIL</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE			
(no caso de menores marcarase de seguido si se trata do pai/nai/titor ou titora)			
__PAI __NAI __TITOR/A			
__PERSONA REPRESENTANTE			
<b>NIF/NIE</b>			
<b>NOME</b>		<b>APELIDOS</b>	
<b>DOMICILIO</b>			
<b>PROVINCIA</b>		<b>CP</b>	
<b>POBOACIÓN</b>			
<b>TELÉFONO</b>		<b>TELÉFONO MÓBIL</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>			

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**, para os efectos de acreditar ante o Concello de San Cibrao das Viñas:

- 1) Que non estou incurso/a en ningunha das causas de exclusión ou prohibición das contempladas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2) Que adquiero o compromiso de declarar a obtención doutras subvencións ou axudas e a procedencia institucional das mesmas.
- 3) Que reúno todos os requisitos para ser beneficiario/a da axuda solicitada recollidos no artigo 3 das bases reguladoras da convocatoria e achego a documentación requirida no artigo 8 xunto con este anexo.
- 4) DECLARO a veracidade de todos os datos consignados e documentos aportados e que estes son copia fiel do orixinal e comprométo-me a probar documentalmente os mesmos cando así se me solicite.

**NÚMERO DE CONTA A EFECTOS DE ABOAMENTO:**

Sen prexuízo da presentación con esta solicitude do certificado ou documento que verifique os datos bancarios exixido no artigo 8 das Bases reguladoras indico o número de conta onde realizar o ingreso da axuda:

<b>IBAN</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>OFICINA</b>	<b>DC</b>	<b>NUMERO CONTA</b>

En San Cibrao da Viñas, a .....de .....do 2026

Asdo. A persoa solicitante ou persoa representante

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS**

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e de Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais recollidos nesta solicitude de axudas, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é o xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello de San Cibrao das Viñas.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello de San Cibrao das Viñas (Praza da Constitución s/n. 32911. San Cibrao das Viñas) nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

En San Cibrao das Viñas, na data que figura na marxe

O concelleiro delegado de Deportes

Documento asinado electronicamente